



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORD. UNIV.

I.E.S. RICARDO MELLA

Estrada Vella Madrid, 177- 36214 Vigo. Pontevedra (Spain)

Tífnos.: 886121001 - 886121020- Fax: 886121026

Web: <http://edu.xunta.es/centros/iesricardomella>

Correo electrónico: ies.ricardo.mella@edu.xunta.es



FONDO SOCIAL
EUROPEO

CONVOCATORIA MOBILIDADES ERASMUS+ DE PROFESORADO QUE IMPARTA DOCENCIA EN CICLOS FORMATIVOS DE FP

CONVOCATORIA SETEMBRO 2023

Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto levar a cabo o proceso de selección de persoal beneficiario de mobilidades Erasmus+ con fins de formación. Os candidatos teñen que ser profesorado que imparta docencia en ciclos formativos de FP ou persoal que teña relación directa coa Formación Profesional no centro.

Mobilidades Erasmus+ ofertadas

- 2 mobilidades para profesorado de ciclos superiores que consisten nunha estadía formativa de máximo 5 días entre Xaneiro e Xullo de 2024 (Proxecto: 2022-1-ES01-KA131-HED-000057077)
- 7 mobilidades para profesorado de ciclos superiores que consisten nunha estadía formativa de máximo 5 días entre Xaneiro e Agosto de 2024 (Proxecto: 2023-1-ES01-KA131-HED-000122383)
- 2 mobilidades para profesorado de ciclos básicos ou medios que consisten nunha estadía de máximo 5 días entre Xaneiro e Maio de 2024 (Proxecto: 2022-1-ES01-KA121-VET-000057069). Este proxecto foi prorrogado ata o 31 de Maio de 2024. Para estas mobilidades usaremos a lista de adjudicación do curso pasado e en caso de quedar vacantes, sumariáanse ás solicitudes presentadas nesta convocatoria
- 2 mobilidades para profesorado de ciclos básicos ou medios que consisten nunha estadía de máximo 5 días entre Xaneiro e Agosto de 2024 (Proxecto: 2023-1-ES01-KA121-VET-000122369)

As mobilidades realizaranse prioritariamente a Estados membros da UE e terceiros países asociados ao programa*, se ben o 20% destas mobilidades podería realizarse a Terceiros países non asociados ao programa (resto do mundo).

Requisitos para participar no proceso

Os requisitos previos para poder participar en dito proceso son:

- Estar destinado no IES Ricardo Mella e impartir docencia nos ciclos formativos de FP ou teña relación directa coa Formación Profesional no centro
- Presentación da solicitude no prazo establecido
- Posuír o nivel suficiente de inglés, ou do idioma do país, que lle permita un aproveitamento axeitado da mobilidade
- Posuír toda a documentación necesaria para poder viaxar ao estranxeiro

Criterios de selección

En caso de que o número de candidaturas supere o número de prazas ofertadas, os criterios de selección que se van aplicar serán:

- Participación previa no programa Erasmus+
- Invitación formal por parte dun centro educativo ou empresa estranxeiros
- Antigüidade no centro
- Competencias lingüísticas
- Implicación en actividades, programas e proxectos desenvolvidos no centro

*Terceiros países asociados ao programa: Rep. Macedonia del Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Serbia e Turquía



Cofinanciado por
la Unión Europea

 XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORD. UNIV. I.E.S. RICARDO MELLA Estrada Vella Madrid, 177- 36214 Vigo. Pontevedra (Spain) Tífnos.: 886121001 - 886121020- Fax: 886121026 Web: http://edu.xunta.es/centros/iesricardomella Correo electrónico: ies.ricardo.mella@edu.xunta.es	 FONDO SOCIAL EUROPEO
---	---	---

Procedemento de solicitude

O profesorado interesado deberá encher a solicitude de participación que pode descargar da páxina web do centro (Formulario de solicitude) e entregala xunto coa declaración xurada de non ter participado nunha mobilidade Erasmus, a invitación formal dun centro estranxeiro e a xustificación do nivel de idioma na Conserxería, na Dirección do centro ou á Coordinadora Erasmus+.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes **é ata o 11 de decembro de 2023, inclusive.**

Resolución

Unha vez rematado o período de presentación de solicitudes, farase pública a listaxe provisional de admitidos no taboleiro e na páxina web do centro no apartado Programas Europeos (ERASMUS), sub-apartado ERASMUS+ PROFESORADO. En caso de que o número de solicitudes fose maior ao número de prazas ofertadas, realizarase un proceso de baremación atendendo aos criterios de selección de profesorado publicados na web do centro. Desde a saída da listaxe provisional de admitidos, o profesorado disporá de **5 días lectivos** para presentar toda a documentación que poda ser obxecto de baremación, segundo os criterios de selección do profesorado.

Na fase final do proceso, o profesorado seleccionado deberá entregar:

- Xustificante de conta bancaria
- Copia da tarxeta sanitaria europea
- Programa de traballo/formación na institución de acollida

Pagamento das axudas

O profesorado recibirá o 80% do total da contía económica do programa Erasmus+, correspondente ao país destino, antes de iniciar a súa mobilidade e o 20% restante será abonado ao seu regreso cando entregue o Certificado de Asistencia emitido pola organización de acollida, envíe un informe con fotos para difusión, entregue xustificante de gastos de viaxe (billete e tarxetas de embarque), e encha unha enquisa EU Survey que recibirá no seu correo electrónico.

A información relativa a esta convocatoria aparecerá na páxina web do centro, a disposición de todo o profesorado interesado.

A Responsable de Programas Internacionais

*Terceiros países asociados ao programa: Rep. Macedonia del Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Serbia e Turquía